

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/9/2022	GOB16I04W
265C5M5T542X041415LY	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de marzo de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. SEQUEIRO 10 -CASTRO..-

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por D. Rubén Caaveiro López e D. Alfonso Madruga Andreu en representación de Arquia Bank, S.A., para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. REVOLTA 3-SEDES..-

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. Carmen Ramos Gómez e outros ,para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESION URBANÍSTICA NO LG. COLMEOTE 59.-

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreos efectuada por D. Javier Orosa García en representación de Construcciones y obras del Noroeste Gallego S.L., para destinalos a viais.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE VARIAS SUBVENCIONS Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA.- Vista a proposta formulada que di así: O Director de Programas Europeos e Planificación Local, en data 07.03.2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código PLA16I02H que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da solicitude de subvencións

Desde o Departamento de Servizos Básicos, solicitáronse as seguintes subvencións a través das resolucións de Alcaldía sinaladas:

Expediente	Denominación	Órgano concedente	Importe da axuda solicitada	Resolución da solicitude (código expediente Planificación)	Data da resolución	Documento toma de razón (código expediente Planificación)
PLA/1/2022	Proxecto para a mellora da recollida separada de aceite de cociña usado (Liña 1. Aceites)	Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	9.147,60 €	PLA16I00L	28.01.2022	PLA16I00K
PLA/2/2022	Proxecto implantación de punto móbil (Liña 3. Puntos limpos móbiles)	Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	37.800 €	PLA16I00R	28.01.2022	PLA16I00Q
PLA/3/2022	Proxecto biorresiduos en instalacións (Liña 1)	Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	70.024,50 €	PLA16I011	28.01.2022	PLA16I010
PLA/4/2022	Proxecto biorresiduos in situ (Liña 2)	Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	10.264,50 €	PLA16I017	28.01.2022	PLA16I016



		Vivenda				
--	--	---------	--	--	--	--

Respecto das devanditas subvencións, resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.* Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a *solicitud de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

No tocante ás subvencións referidas, ante a imposibilidade de tramitar a proposta nunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local antes de que expirara o prazo outorgado para a presentación da documentación necesaria para a tramitación das devanditas subvencións, en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación da solicitude das subvencións, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicitan as referidas subvencións.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I036, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6.- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE VARIAS SUBVENCIONS Á CONSELLERÍA DO MAR E Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE .- Vista a proposta formulada que di así: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 03/03/2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I05J que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
DESTINATARIO	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
ASUNTO	<i>Dar conta da solicitude de subvencións</i>

Dende o Departamento de Servizos Xerais, solicitáronse a data de hoxe as seguintes subvencións a través das resolucións de Alcaldía indicadas:

Expediente	Denominación	Órgano concedente	Importe solicitado	Resolución da solicitude	Data resolución	Documento toma razón
ASI/28/2022	<i>Proxecto “Peixeando co emprego”</i>	<i>Xunta – Consellería do Mar</i>	<i>14.884,00 €</i>	<i>ASI16I04A</i>	<i>25/02/2022</i>	<i>ICO16I030</i>

ASI/30/2022	Proxecto "Posta en valor da área estancial do Parque fluvial do Río Freixeiro – Parque de xogos"	Xunta – Consellería do Mar	130.000,00 €	ASII16I04B	25/02/2022	ICO16I02Y
ASI/31/2022	Proxecto "Amar o Xubia. Feira Marítima"	Xunta – Consellería do Mar	119.076,10 €	ASII16I049	24/02/2022	ICO16I02W
ASI/32/2022	Realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social. Rede Eusumo	Xunta – Consellería de Emprego e Igualdade	26.420,00 €	ASII16I04U	25/02/2022	ICO16I032

Resultan de aplicación, no tocante ás solicitudes de ditas subvencións, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucions da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

No tocante ás subvencións referidas e por razón de urxencia ao rematar o prazo sinalado para formular as solicitudes nas correspondentes convocatorias, e en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación da solicitude das subvencións, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.

Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se solicitan as referidas subvencións.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I034, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2022.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de febreiro de 2022, cun total de 223 contribuíntes e por importe de 21.044,41 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de febreiro de 2022, cun total de 4 contribuíntes e por importe de 337,07 €.



Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

8 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE FEBREIRO DE 2022.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECIMENTO ACTIVO) do mes de febreiro de 2022, cun total de 292 contribuintes e por importe de 2.379,80 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, OBRADOIROS DE ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de febreiro de 2022, cun total de 169 usuarios e por importe de 1.377,35 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo,

polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4